

Escola Municipal de Surf

2023
2024



OLEIROS
DEPORTE

Concello de  Oleiros

Escola Municipal de Surf

2023
2024



NOVA INSCRICIÓN

Para mozos/as nacidos/as entre 2003 e 2011
(Só empadroados/as en Oleiros)

O Concello de Oleiros, coñecedor da problemática social que supoñen os ascendentes índices de obesidade infantil e xuvenil, do sedentarismo, e das dificultades que ás veces atopa a nosa mocidade para realizar actividades físicas e deportivas dun xeito regular, pon en marcha un novo curso da Escola Municipal de Surf dirixida a rapaces/as nacidos/as entre o 2003 e 2011.

Prezo público: 15 €/mes

O programa de actividades de Surf terá lugar na casa de Surf da praia de Bastiagueiro (rúa Anguías <https://goo.gl/maps/qxFYF91PrP3ffxaWA>) desde o **29 de setembro de 2023 ata o 26 de maio de 2024**, coincidindo as súas sesións co calendario escolar. No caso de alertas meteorolóxicas que imposibiliten ou recomenden non realizar a actividade, esta suspenderase.

Teremos funcionando 3 grupos
(só é posible inscribirse nun grupo):

- Venres de 16.00 a 18.00 horas
- Sábados de 11.30 a 13.30 horas
- Domingos de 11.30 a 13.30 horas

O Concello de Oleiros facilitará a táboa, o traxe de neopreno e a licra para a actividade.

Proceso de nova inscrición de prazas vacantes e sistema de pagamento:

O prazo de nova inscrición de prazas vacantes comezará o 1 de xullo a partir das 10:00h. por orde de rexistro na SEDE ELECTRÓNICA.

O sistema de pagamento será por medio de domiciliación bancaria. O documento para realizar este trámite enviarase a persoa interesada ao correo electrónico facilitado na inscrición unha vez se confirme a admisión no curso.

As inscricións deberán realizarse a través da SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Oleiros, no trámite específico de Surf

<https://www.oleiros.org/deportes>

